

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**14781** Orde ITC/2451/2011, do 12 de setembro, pola que se derrogan diversas ordes ministeriais que regulan instrumentos de medida.

O control metrolóxico do Estado sobre diversos instrumentos de medida réxese por unha serie de ordes que traspoñen ao noso ordenamento xurídico un conxunto de directivas, algunhas das cales se adoptaron tendo como fundamento a Directiva 71/316/CEE do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre as disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos de control metrolóxico.

Esta directiva modificouse de forma substancial en distintas ocasións, polo que xa foi refundida mediante a Directiva 2009/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, sobre as disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos de control metrolóxico.

Recentemente ditouse a Directiva 2011/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, pola que se derrogan as directivas 71/317/CEE, 71/347/CEE, 71/349/CEE, 74/148/CEE, 75/33/CEE, 76/765/CEE, 76/766/CEE e 86/217/CEE do Consello, relativas á metroloxía, que deixa sen efectos unha serie de regulacións específicas que quedaron tecnicamente desfasadas, non reflicten o estado actual da tecnoloxía de medición, ou se refiren a instrumentos que non están suxeitos a avances tecnolóxicos e que cada vez se utilizan menos.

Cada unha das mencionadas directivas que foron obxecto de derogación pola Directiva 2011/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, tivo a súa transposición ao noso ordenamento mediante unha serie de ordes ministeriais que regulan diversos instrumentos de medida, e que son as ordes que agora se derrogan.

Esta orde ministerial ten por obxecto a transposición ao noso ordenamento xurídico da citada Directiva 2011/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, pola que se derrogan as directivas 71/317/CEE, 71/347/CEE, 71/349/CEE, 74/148/CEE, 75/33/CEE, 76/765/CEE, 76/766/CEE e 86/217/CEE do Consello, relativas á metroloxía, derroga as correspondentes ordes ministeriais e establece unha entrada en vigor gradual, seguindo as indicacións da propia Directiva 2011/17/UE.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, o Consello Superior de Metroloxía emitiu informe favorable.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesos e medidas, e da habilitación regulamentaria prevista na disposición derradeira segunda do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, que habilita o ministro de Industria, Turismo e Comercio a ditar as disposicións necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento, toda vez que a presente orde derroga normas do seu mesmo rango reguladoras do control metrolóxico de diversos instrumentos de medida.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo 1.** *Derrogación da Orde do 30 de decembro de 1988 pola que se regula o arqueo das cisternas de barcos.*

1. Derrógase a Orde do 30 de decembro de 1988 pola que se regula o arqueo das cisternas de barcos.

2. As comprobacións iniciais CE efectuadas e os certificados de calibración expedidos ata o 30 de xuño de 2011 en virtude da mencionada orde seguirán sendo válidos.

Artigo 2. *Derrogación doutras ordes ministeriais que regulan instrumentos de medida.*

1. Con efecto a partir do 1 de decembro de 2015 derróganse as seguintes ordes ministeriais:

a) Orde do 28 de xuño de 1974 pola que se dispón a aprobación da norma metrolóxica nacional referente «Pesos de clases de precisión  $E_1$ ,  $E_2$ ,  $F_1$ ,  $F_2$  e  $M_1$ , de 50 quilogramos a 1 miligrama».

b) Orde do 28 de xuño de 1974 pola que se dispón a aprobación da norma metrolóxica nacional referente a «Pesos paralelepípedicos de 5 quilogramos a 50 quilogramos, clase  $M_2$ ».

c) Orde do 28 de xuño de 1974 pola que se dispón a aprobación da norma metrolóxica nacional referente a «Pesos cilíndricos de 1 gramo a 10 quilogramos, clase  $M_2$ ».

d) Orde do 28 de decembro de 1988 pola que se regula a medida da masa do hectolitro CEE de cereais.

e) Orde do 28 de decembro de 1988 pola que se regulan os contadores de auga fría.

f) Orde do 28 de decembro de 1988 pola que se regulan os alcoholímetros, areómetros para alcohol e táboas alcoholimétricas.

g) Orde do 28 de decembro de 1988 pola que se regulan os manómetros para pneumáticos dos vehículos automóbiles.

2. Os pesos de conformidade coas ordes mencionadas nos subnúmeros 1.a), 1.b) e 1.c) deste artigo poderanse someter a comprobación inicial CE, que se levará a cabo consonte os artigos 8, 9 e 10 da Directiva 2009/34/CE, ata o 30 de novembro de 2025.

3. As aprobacións CE de modelo e os certificados CE de aprobación de modelo expedidos ata o 30 de novembro de 2015 en virtude das ordes mencionadas nos subnúmeros 1.d), 1.e), 1.f) e 1.g) deste artigo seguirán sendo válidos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesos e medidas.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2011/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, pola que se derrogan as directivas 71/317/CEE, 71/347/CEE, 71/349/CEE, 74/148/CEE, 75/33/CEE, 76/765/CEE, 76/766/CEE e 86/217/CEE do Consello, relativas á metroloxía.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de setembro de 2011. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián Gascón.